



Colexio Oficial de  
Fisioterapeutas  
de Galicia



## COMUNICADO CONJUNTO SOBRE O ESTADO DO DIÁLOGO SOBRE O NOVO MODELO EN ATENCIÓN PRIMARIA EN GALICIA

O pasado luns 4 de marzo de 2019 tivo lugar na sede da Consellería de Sanidade en Santiago de Compostela unha nova reunión do grupo de traballo de Fisioterapia para o Novo Modelo de Atención Primaria en Galicia. Asistiron o Subdirector de Ordenación Asistencial e Innovación organizativa, D. Alfonso Alonso Fachado, os coordinadores de fisioterapia de distintas EOXis, os representantes do Colexio Oficial de Fisioterapeutas de Galicia (CoFiGa) e os da Sociedade Galega de Fisioterapeutas (SOGAFI).

Neste encontro fíxose unha reevaluación punto por punto das alegacións presentadas polo grupo de traballo de Fisioterapia, as presentadas polo Colexio, e as presentadas pola Sociedade Galega de Fisioterapeutas ó borrador elaborado días antes pola Consellería de Sanidade. Foron aceptadas 40 das 47 medidas propostas, quedando catro a estudo; tres rexeitáronse por imposibilidade normativa.

Cabe destacar os compromisos acadados e aceptados por parte de Consellería, algúns deles, verdadeiros fitos historicamente demandados para mellorar a atención que precisan os usuarios coma:

- *Inclusión do Fisioterapeuta no Equipo Básico de Atención Primaria*, para o que se farán os cambios legislativos necesarios.
- O recoñecemento da *autonomía plena do Fisioterapeuta* no seu desenvolvemento profesional neste nivel asistencial.
- *A presenza dun Fisioterapeuta comisionado nos Servizos Centrais da Consellería* para coordinar, monitorizar e asesorar a implantación do Novo Modelo no tocante á Fisioterapia.
- *O nomeamento dun Coordinador de Fisioterapia de AP en todas as Áreas*, que disporá do tempo necesario en axenda, e a liberación de carga asistencial para desenvolver todas as tarefas relacionadas co seu cargo, entre as que destacará a implantación desde Novo Modelo.
- *Elaboración dunha nova Guía de Actuacións de Fisioterapia en Atención Primaria*, pedra angular e referencia escrita do desenvolvemento do Novo Modelo, na que se empezará a traballar nela a medio prazo, e contando cos verdadeiros protagonistas da mesma: os profesionais de AP (MEAP, Pediatras, Odontólogos, Enfermería, matronas, traballadoras Sociais e Fisioterapeutas), que terán

un documento no que se reflexe todo o que a Fisioterapia pode aportar e solucionar neste Primeiro Nivel Asistencial e que ademais servirá para mellorar a súa relación profesional. O mesmo tempo, deixará claro ós profesionais do nivel Hospitalario qué se pode facer e que non neste novo modelo de UFAP.

- Outras medidas normativas, operativas e funcionais para facer posible de maneira adecuada o *cambio de rol do Fisioterapeuta en Atención Primaria*.
- *A creación de novas prazas de fisioterapia en Atención Primaria no período 2019 – 2024*, polo de agora insuficientes.

Neste punto, estase a negociar unha mellora na oferta de prazas, porque de todos é sabido que para levar a cabo todas as medidas propostas dende a Consellería, facer un adecuado e completo análise das necesidades de recursos e fundamental para non perpetuar algún dos problemas do modelo actual.

Tanto CoFiGa, coma SOGAFI, pero sobre todo a sociedade civil galega no seu conxunto, coñecen os importantes problemas que actualmente presentan as Unidades de Fisioterapia de AP da Comunidade Galega, con listas de espera inasumibles polo déficit de profesionais. E creemos que a Conselleira de Sanidade ten una oportunidade única para corrixir unha carencia histórica neste aspecto e dotar dos suficientes recursos humanos en Fisioterapia para poñer en marcha da maneira axeitada este Novo Modelo, no que os fisioterapeutas asumirán novos roles e responsabilidades facendo uso das competencias que xa dende hai tempo están contempladas na lexislación e nos Plans de Estudo das dúas Facultades de Fisioterapia de Galicia.

Queremos deixar claro que a nosa postura é de total colaboración coa Consellería pero entendendo entre todos que as propostas neste eido deben ser entendidas como punto de partida para conseguirmos deseñar o modelo de Atención Primaria moderno que a sociedade galega merece.

As propostas, razoables e sensatas, están ademais feitas dende o profundo coñecemento que temos como fisioterapeutas do Servizo Galego de Saúde e das necesidades dos cidadáns no tocante á Fisioterapia.

Se chegamos a un acordo neste punto, poderemos empezar a falar da implementación deste novo e moderno Modelo feito por todos os profesionais xunto coa Consellería, e que sitúa ao paciente e as súas necesidades, no centro do sistema para os vindeiros 25 anos.